



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: www.fcgalega.com



**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



**DEPORTE
GALEGO**

ACTA 3/2024

REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

En Santiago de Compostela, sendo as 09:50 horas do día 19 de outubro de 2024 en primeira convocatoria, reúnese a **XUNTA DIRECTIVA** de forma telemática, presidida por D. Enrique Freire Sobral, actuando como secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

Asistentes:

Presidente:	D. Enrique Freire Sobral
Vicepresidente:	D. Manuel A. Fernández Mallo
Secretario:	D. Manuel Rey San Luis
Tesoureiro:	D. José R. Costas Carbajal
Vogal:	D. Rafael Piñeiro Rodríguez
Vogal:	D. Carlos García Balboa
Vogal:	D. Jaime M. López Rodríguez

Os asistentes aceptan a invitación a esta reunión de D. Paulo Navarro con voz pero sin voto.

Reúnese a Xunta Directiva coa seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior.**
- 2.- Coñecemento do balance económico ao 30 de Setembro.**
- 3.- Borrador Orzamento económico para o ano 2025.**
- 4.- Presentación estudo económico sobre o transporte para a campaña deportiva 2025.**
- 5.- Situación actual da Comisión Deportiva tras a dimisión do seu presidente e responsable de soltas.**
- 6.- Situación actual da Comisión de Xuices**
- 7.- Aprobación dos resultados deportivos da temporada 2024.**
- 8.- Xestións realizadas sobre a Exposición Galega da pomba mensaxeira.**
- 9.- Rogos e preguntas.**



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: www.fcgalega.com

Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Os asistentes coñecen a acta nº 2 de data 02 de marzo do 2024 que se lles remitiron coa convocatoria. Non realizándose ningunha nova obxección á mesma apróbase por unanimidade.

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30 DE SETEMBRO.

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance ao 30-09-2024 dando un rápido repaso ás diferentes contas de gastos e ingresos deténdose nalgunha delas para realizar consideracións sobre as mesmas, facilitando tamén aos membros asistentes un avance sobre o prezo que saería o custo por pomba.

Fai intervención o Sr. Manuel Mallo para dar a súa opinión sobre este último comentando que lle parece excesivo o prezo da campaña deportiva deste ano e que debería ser a Federación quen aportara máis subvención para aliviar na medida do posible este coste tan elevado, Tendo que controlar os gastos de viaxes dalgunha maneira.

Terceiro.- BORRADOR ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2025.

Continúa a sesión e toma de novo a palabra D. José Ramón Costas Carbajal, informando das diversas partidas que compoñen o proxecto de orzamento para o ano 2025, aclarando que este orzamento foi confeccionado en base ás partidas principais de ingresos e gastos e subvencións deste ano.

Este orzamento é aprobado por maioría dos membros asistentes.

Cuarto.- PRESENTACIÓN ESTUDO ECONÓMICO SOBRE O TRANSPORTE PARA A CAMPAÑA DEPORTIVA 2025.

Toma a palabra o Sr. Paulo Navarro para expoñer o estudo económico que realizou para tentar minimizar os custos no transporte para a campaña deportiva do ano que vén. Despois da súa intervención establécese unha rolda de opinións sobre este tema entre os membros asistentes, acordándose nesta reunión formar un equipo de traballo para presentar esta e outras alternativas á Asemblea Xeral da federación.

Quinto.- SITUACIÓN ACTUAL DA COMISIÓN DEPORTIVA TRAS A DIMISIÓN DO SEU PRESIDENTE E RESPONSABLE DE SOLTAS.

Toma a palabra o Sr. presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes a actual situación na que se atopa a comisión deportiva tras a dimisión do Sr. Camilo Pereiro como presidente da mesma e do Sr. Manuel Currás como responsable de soltas.

Ofrécese o Sr. Paulo Navarro para exercer de presidente da comisión deportiva, o Sr. Carlos Balboa como responsable das soltas e o Sr. Manuel Vilaboa como membro desta comisión.

O Sr. Manuel Mallo falará con Julio Paz para que tamén forme parte da comisión deportiva.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: www.fcgalega.com



**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



**DEPORTE
GALEGO**

Sexto.- SITUACIÓN ACTUAL DA COMISIÓN DE XUICES

Toma a palabra o Sr. Manuel Mallo para poñer en coñecemento de todos os asistentes das conversacións que mantivo co Sr. Benigno Conde para saber cal era a súa posición sobre a súa continuidade como presidente da comisión de xuíces, nas cales lle expresa o seu malestar por todo o acontecido tanto coa anulación da última exposición como tamén a anulación dos cursos que se ían a realizar este ano, polo que non continuaría como presidente desta comisión.

Tómase a decisión nesta reunión de convocar unha reunión telemática para o día 2 de novembro con todos os xuíces para tentar nomear un novo presidente e a formación dunha nova comisión.

Séptimo.- APROBACIÓN DOS RESULTADOS DEPORTIVOS DA TEMPORADA 2024.

Son presentados ante os membros desta Xunta Directiva os resultados da campaña deportiva deste ano, os cales son aprobados por unanimidade.

Octavo.- XESTIÓN REALIZADAS SOBRE A EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA.

Toma a palabra o Sr. Manuel Mallo como representante do club organizador para comentar como están as xestións realizadas ata a data en canto a este evento.

O local onde se realizará a exposición será no Centro Comercial Os Rosales os días 11 e 12 de xaneiro-25.

Noveno.- ROGOS E PREGUNTAS.

Paulo Navarro.- para dinamizar a páxina web, sería conveniente e interesante que os clubs lle enviasen artigos colombófilos para publicar na mesma.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión da Xunta Directiva, sendo as 13:05 horas do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-